

LA JETÉE + A EMBAIXADA +
A SEXTA CARA DO PENTÁGONO

Chris Marker

1637

ESTREA EN NUMAX: 02.12.2025 | V.O.S.E.

LA JETÉE (Chris Marker, 28 min, 1968)
Tras unha apocalíptica guerra nuclear, o mundo ficou devastado. Un grupo de científicos do bando vencedor chega á conclusión de que o único modo de salvar a humanidade é recorrendo ás viaxes a través do tempo: ou ben mandar unha persoa ao pasado para pedir axuda, ou ao futuro para buscar unha solución á situación presente. O elixido para realizar a viaxe a través do tempo é un prisioneiro. Singular filme de ciencia-ficción que inspirou “12 Monos”, de Terry Gilliam.

A EMBAIXADA (Chris Marker, 20 min, 1973)
Unha resposta inesperada ao golpe de estado de Pinochet en Chile en 1973. Unha película en Super-8 aparentemente encontrada nunha embaixada, onde activistas políticos se refuxian tras un golpe de estado militar. Pero os acontecementos —e a súa ambientación — non son o que parecen a primeira vista.

A SEXTA CARA DO PENTÁGONO (Chris Marker, 25 min, 1969)
Documental excepcional sobre a marcha pola paz por parte de mozos e mozas estadounidenses en oposición á guerra de Vietnam en outubro de 1967. O movemento pola paz, representou diferentes correntes de opinión e manifestou un sentimento de repudio xeralizado pola xuventude do momento.



LA JETÉE + A EMBAIXADA +
A SEXTA CARA DO PENTÁGONO

Chris Marker

1637

ESTREA EN NUMAX: 02.12.2025 | V.O.S.E.

LA JETÉE (Chris Marker, 28 min, 1968)
Tras unha apocalíptica guerra nuclear, o mundo ficou devastado. Un grupo de científicos do bando vencedor chega á conclusión de que o único modo de salvar a humanidade é recorrendo ás viaxes a través do tempo: ou ben mandar unha persoa ao pasado para pedir axuda, ou ao futuro para buscar unha solución á situación presente. O elixido para realizar a viaxe a través do tempo é un prisioneiro. Singular filme de ciencia-ficción que inspirou “12 Monos”, de Terry Gilliam.

A EMBAIXADA (Chris Marker, 20 min, 1973)
Unha resposta inesperada ao golpe de estado de Pinochet en Chile en 1973. Unha película en Super-8 aparentemente encontrada nunha embaixada, onde activistas políticos se refuxian tras un golpe de estado militar. Pero os acontecementos —e a súa ambientación — non son o que parecen a primeira vista.

A SEXTA CARA DO PENTÁGONO (Chris Marker, 25 min, 1969)
Documental excepcional sobre a marcha pola paz por parte de mozos e mozas estadounidenses en oposición á guerra de Vietnam en outubro de 1967. O movemento pola paz, representou diferentes correntes de opinión e manifestou un sentimento de repudio xeralizado pola xuventude do momento.



LA JETÉE + A EMBAIXADA + A SEXTA CARA DO PENTÁGONO

Chris Marker



Os trazos dun futuro pasado

Por José Manuel Albelda

Viaxar no tempo provoca unha aguda dor. Pódese viaxar ao pasado —e cambiar os acontecementos xa vividos— mediante un estado de conciencia alterado e inducido, por exemplo, por medio de inxeccións intravenosas de psicotrópicos? Como Chris Marker, eu afirmo que si se pode.

Despois da Terceira Guerra Mundial é ben sabido que os sobreviventes da cidade de París tiveron que refuxiarse no subsolo coexistindo coas ratas e os insectos durante un período certamente maléfico: porque foron decenas de miles os infelices que quedaron reducidos a unha miserable existencia subhumana. O que non é tan coñecido é que algúns daqueles sobreviventes, os que posuían certa erudición en Física e en Farmacoloxía, desesperados ante un destino que os sentenciaba a ficaren prisioneiros como espectros nos seus sepulcros, realizaron pola súa conta e risco ousados experimentos co fin de obter un método que lles permitise desprazar un home, un sequera, a través do Tempo: ata o pasado, talvez ata o futuro, calquera cousa con tal de obter un modo de evadirse da súa condena de podremia.

Un dos coellos de indias empregados naqueles ensaios foi o protagonista de *La Jetée*; non se trataba dun home calquera senón máis ben dun ser singular, un auténtico prisioneiro de si mesmo, porque é conveniente coñecer que o noso protagonista é, sobre todo, unha infortunada criatura que desde neno vive obsesionada por unha estraña imaxe que o persegue, unha imaxe que non entende e que presenciou, un día xa afastado, no parisino aeroporto de Orly. Este argumento relatado en *La Jetée*, diga o que diga o propio Chris Marker, non está construído en forma de simple fotonovela. Afirmo que *La Jetée* non é unha fotonovela porque a pesar dos instantes conxelados que conforman a súa metraxa, as súas imaxes, aparentemente detidas en porcións de eternidade, conteñen tanto ou máis movemento interno que se a fita fose rodada a 24 fotogramas por segundo: esta ausencia de estatismo confírea a súa montaxe, en efecto, sinuosa e máis áxil do que puidese parecer a pesar da súa cadencia, pero conséguea, sobre todo, a intensidade de cada un dos encadres e a elección exacta das fraccións de instantes extraídos. Esta calidade fílmica é o que ben podería denominarse esculpir no tempo.

A pesar de que adoite catalogarse como tal, *La Jetée* non é tanto un filme de ciencia ficción canto unha parábola aterradora sobre significado da existencia humana e dun dos seus segredos máis terribles: que todo ser humano intúe nalgún momento da súa nenez aquel instante futuro da súa propia morte; esta verdade, a primeira vista insoportable se se nos presenta espida, é dicir, en forma de visión tal e como lle sucede ao protagonista, podemos aturala, con todo, grazas ao fluxo inexorable que experimentan as persoas comúns ao redor da maior das ilusións que o ser humano concibiu, a tremoia invisible que conforma o devir da Historia e que viñemos en denominar tempo. Tempo. Dito doutro xeito: sobrevivimos á intuición do noso propio final grazas á efusión en sucesivas ondas, de horas, de días, de semanas, de meses e de anos que aos poucos sedimentan na nosa memoria.

Finalmente, todo en *La Jetée* é verdade, porque por primeira e única vez na vida e obra daquel creador maldito e xenial que foi Chris Marker delineou co pincel da súa ficción probable o que non eran senón trazos dun futuro pasado.

Publicado en jovenesrealizadores.com



LA JETÉE + A EMBAIXADA + A SEXTA CARA DO PENTÁGONO

Chris Marker



Os trazos dun futuro pasado

Por José Manuel Albelda

Viaxar no tempo provoca unha aguda dor. Pódese viaxar ao pasado —e cambiar os acontecementos xa vividos— mediante un estado de conciencia alterado e inducido, por exemplo, por medio de inxeccións intravenosas de psicotrópicos? Como Chris Marker, eu afirmo que si se pode.

Despois da Terceira Guerra Mundial é ben sabido que os sobreviventes da cidade de París tiveron que refuxiarse no subsolo coexistindo coas ratas e os insectos durante un período certamente maléfico: porque foron decenas de miles os infelices que quedaron reducidos a unha miserable existencia subhumana. O que non é tan coñecido é que algúns daqueles sobreviventes, os que posuían certa erudición en Física e en Farmacoloxía, desesperados ante un destino que os sentenciaba a ficaren prisioneiros como espectros nos seus sepulcros, realizaron pola súa conta e risco ousados experimentos co fin de obter un método que lles permitise desprazar un home, un sequera, a través do Tempo: ata o pasado, talvez ata o futuro, calquera cousa con tal de obter un modo de evadirse da súa condena de podremia.

Un dos coellos de indias empregados naqueles ensaios foi o protagonista de *La Jetée*; non se trataba dun home calquera senón máis ben dun ser singular, un auténtico prisioneiro de si mesmo, porque é conveniente coñecer que o noso protagonista é, sobre todo, unha infortunada criatura que desde neno vive obsesionada por unha estraña imaxe que o persegue, unha imaxe que non entende e que presenciou, un día xa afastado, no parisino aeroporto de Orly. Este argumento relatado en *La Jetée*, diga o que diga o propio Chris Marker, non está construído en forma de simple fotonovela. Afirmo que *La Jetée* non é unha fotonovela porque a pesar dos instantes conxelados que conforman a súa metraxa, as súas imaxes, aparentemente detidas en porcións de eternidade, conteñen tanto ou máis movemento interno que se a fita fose rodada a 24 fotogramas por segundo: esta ausencia de estatismo confírea a súa montaxe, en efecto, sinuosa e máis áxil do que puidese parecer a pesar da súa cadencia, pero conséguea, sobre todo, a intensidade de cada un dos encadres e a elección exacta das fraccións de instantes extraídos. Esta calidade fílmica é o que ben podería denominarse esculpir no tempo.

A pesar de que adoite catalogarse como tal, *La Jetée* non é tanto un filme de ciencia ficción canto unha parábola aterradora sobre significado da existencia humana e dun dos seus segredos máis terribles: que todo ser humano intúe nalgún momento da súa nenez aquel instante futuro da súa propia morte; esta verdade, a primeira vista insoportable se se nos presenta espida, é dicir, en forma de visión tal e como lle sucede ao protagonista, podemos aturala, con todo, grazas ao fluxo inexorable que experimentan as persoas comúns ao redor da maior das ilusións que o ser humano concibiu, a tremoia invisible que conforma o devir da Historia e que viñemos en denominar tempo. Tempo. Dito doutro xeito: sobrevivimos á intuición do noso propio final grazas á efusión en sucesivas ondas, de horas, de días, de semanas, de meses e de anos que aos poucos sedimentan na nosa memoria.

Finalmente, todo en *La Jetée* é verdade, porque por primeira e única vez na vida e obra daquel creador maldito e xenial que foi Chris Marker delineou co pincel da súa ficción probable o que non eran senón trazos dun futuro pasado.

Publicado en jovenesrealizadores.com

